

Concerto de acordeóns para celebrar o Día da Nai en Chaín.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 06 Maio 2017 12:02



O Centro Cultural A Merced de Chaín convida a todos os veciños e público en xeral ao concerto de acordeóns a cargo do grupo Mascarenhas de A Guarda que terá lugar este sábado ás 20:30 horas na planta baixa do local social a fin de garantir o acceso ás persoas con mobilidade reducida.

Este ano Mascarenhas conmemora o seu XX aniversario enriba dos escenarios "e nós con eles celebramos o día da nai. Agasallaremos ás mamás que asistan ó evento cun presente", sinalan dende o centro.